



Concello de Ribeira de Piquín

DECRETO DA ALCALDÍA

En Ribeira de Piquín, a 27 de decembro de 2021.

Asunto: Lista definitiva de admitidos e excluídos do proceso selectivo para a contratación dun/ha axente de emprego e desenvolvemento local, a xornada completa (100%) por un período de doce (12) meses.

DON ROBERTO FERNÁNDEZ RICO, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE RIBEIRA DE PIQUÍN (LUGO).

De conformidade co expediente de provisión dunha praza de axente de emprego e desenvolvemento local, a xornada completa (100%) por un período de doce (12) meses, mediante concurso-oposición regulado nas Bases aprobadas por acordo da Xunta de Goberno Local, reunida en sesión extraordinaria de data 22 de novembro de 2021, e publicada a convocatoria no taboleiro de anuncios e no Boletín Oficial da Provincia de Lugo nº 278, do 3 de decembro de 2021.

Vista a existencia dun erro material nas Bases que rexen o proceso selectivo, en concreto na Base sétima.

Vista a imposibilidade de convocar a Xunta de Goberno Local debido á urxencia na tramitación do expediente, e considerando o establecido no artigo 10 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público:

*“1. Os órganos superiores poderán avogar para si o coñecemento dun ou varios asuntos cuxa resolución corresponda ordinariamente ou por delegación aos seus órganos administrativos dependentes, cando circunstancias de índole técnica, económica, social, xurídica ou territorial fágano conveniente. Nos supostos de delegación de competencias en órganos non dependentes xerarquicamente, o coñecemento dun asunto poderá ser avogado unicamente polo órgano delegante.
2. En todo caso, a avogación realizarase mediante acordo motivado que deberá ser notificado aos interesados no procedemento, se os houbese, con anterioridade ou simultaneamente á resolución final que se dicte. Contra o acordo de avogación non caberá recurso, aínda que poderá impugnarse no que, no seu caso, se interpoña contra a resolución do procedemento”.*

Vista a Resolución da Alcaldía núm. 2021/367, de data 22 de decembro, pola que se aproba a listaxe provisional de admitidos e excluídos do dito proceso selectivo, concedendo un prazo de un (1) día hábil para a subsanación de documentación a todos/as aqueles/las candidatos/as excluídos/as.

Rematado o dito prazo de subsanación e analizada a documentación presentada polos/as candidatos/as, tendo en conta a competencia que me atribúe o artigo 21.1. g) e h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Avogar as competencias delegadas na Xunta de Goberno Local polo decreto desta Alcaldía do 20/06/2019, para o só efecto desta resolución, dando conta ao devandito órgano colexiado para coñecemento, por mor da urxencia na tramitación.

SEGUNDO.- Rectificar o erro material advertido nas Bases de selección, en concreto na base sétima, quedando redactada como segue:

ONDE DÍ: “O tribunal estará composto por cinco membros e os seus correspondentes, con titulación igual ou superior á esixida para o acceso á praza convocada, un dos cales actuará coma presidente e outro como secretario do tribunal. A súa composición axustarase ao previsto no artigo 60 do Estatuto Básico do Empregado Público e buscarase a paridade entre a muller e o home. A pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual, non podendo ostentarse esta en representación ou por conta de ninguén.





Concello de Ribeira de Piquín

O Tribunal Cualificador estará constituído por:

- 1 Presidente.
- 4 Vogais.
- 1 Secretario.”

DEBE DICIR: “O tribunal estará composto por cinco membros e os seus correspondentes suplentes, con titulación igual ou superior á esixida para o acceso á praza convocada, un dos cales actuará coma presidente e outro como secretario do tribunal. A súa composición axustarase ao previsto no artigo 60 do Estatuto Básico do Emprego Público e buscarase a paridade entre a muller e o home. A pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual, non podendo ostentarse esta en representación ou por conta de ninguén.

O Tribunal Cualificador estará constituído por:

- 1 Presidente.
- 3 Vogais.
- 1 Secretario.”

TERCEIRO.- Aprobar a lista definitiva de admitidos e excluídos do devandito proceso selectivo, cos/ás seguintes aspirantes:

LISTA DE ADMITIDOS

Nº	APELIDOS, NOME	DNI	ACREDITACIÓN DO IDIOMA GALEGO
1	Andión Pena, Nancy	**54822**	SÍ
2	Carreira Iglesias, Susana	**33516**	SÍ
3	Herrán Calvo, Alberto	**33862**	SÍ
4	Morado Vázquez, Beatriz	**55206**	SÍ
5	Pasarín Marey, Andrea	**28928**	SÍ
6	Zas Fernández, David	**27941**	SÍ

LISTA DE EXCLUÍDOS

Nº	APELIDOS, NOME	DNI	MOTIVO	ACREDITACIÓN DO GALEGO
1	Rodríguez Sánchez, Javier	**32805**	DNI E TITULACIÓN NON AUTENTICADOS	NON (Documento de acreditación do idioma galego non autenticado)

CUARTO.- Proceder a nomear os seguintes empregados/as públicos como membros do Tribunal de selección:

Presidente: D. Juan Hernando Rosa Ruíz, Secretario-Interventor do Concello de Bóveda (Lugo).
Suplente: D^a. M^a Cristina González Santín, Tesoureira do Concello de Monforte de Lemos (Lugo).

Vogal: D. Manuel Fernández Fernández, Secretario-Interventor do Concello de Riotorto (Lugo).
Suplente: D^a. Nadia Díaz Vázquez, Secretaria-Interventora da Agrupación de Concellos Taboada-Guntín (Lugo).

Vogal: D. Carlos Losada Rodríguez, Axente de Emprego e Desenvolvemento Local do Concello de Sober (Lugo).





Concello de Ribeira de Piquín

Suplente: D^a. Marta Lodeiro Vilar, Axente de Emprego e Desenvolvemento Local do Concello de Riotorto (Lugo).

Vogal: D^a. María Luisa González Maceda, Axente de Emprego e Desenvolvemento Local do Concello de Pobra de Brollón (Lugo).

Suplente: D^a. María Cristina Camba Gómez, Axente de Emprego e Desenvolvemento Local do Concello de Bóveda (Lugo).

Secretaria: D^a. María del Pilar Tella Mazoy, Administrativa do Concello de Ribeira de Piquín (Lugo) e licenciada en dereito.

Suplente: D^a. Purificación Freán Caldas, Administrativa do Concello de O Incio (Lugo) e licenciada en dereito.

Igualmente, proceder a convocar ao citado Tribunal para o día 29 de decembro de 2021, ás 09:30 horas no salón de plenos da Casa Consistorial de Ribeira de Piquín, aos efectos da realización da fase de concurso.

QUINTO.- Convocar aos aspirantes incluídos na listaxe definitiva de admitidos para a realización do primeiro exercicio da fase de oposición, de carácter teórico, obrigatorio e non eliminatorio, o cal terá lugar nas dependencias da Antiga Escola de Chao de Pousadoiro, ás 10:30 horas do día 29 de decembro de 2021. Unha vez concluído e puntuado este, procederáse seguidamente á realización do segundo exercicio de carácter práctico.

SEXTO.- Todos os aspirantes deberán adoptar as medidas necesarias para evitar a xeración de riscos de propagación da enfermidade COVID-19, así como a propia exposición dos ditos riscos, con arranxo ao establecido a continuación, rogándolles a máxima colaboración no desenvolvemento dos exercicios da oposición.

Os aspirantes deberán acudir ao lugar de celebración das probas provistos de máscara quirúrxica ou protección superior. Durante todo o tempo de permanencia no local de exame será obrigatorio o uso da máscara, evitando tocar os ollos, o nariz e a boca. Ao toser e estornudar cubrirase a boca e o nariz co cóbado flexionado.

Seguiranse en todo momento as indicacións do Tribunal en canto ao tránsito e circulación de persoas e uso de material hixiénico.

Deberase extremar en todo momento a precaución respetando a distancia interpersoal de 1,5 metros, evitando aglomeracións e realizando unha circulación fluida.

Unha vez finalizados os exames, sempre dacordo coas indicacións do Tribunal, abandonarase o local de exame de maneira ordenada e sempre coa máscara posta. Os aspirantes deberán abandonar as instalacións o máis rápido posible, gardando a distancia interpersoal de 1,5 metros, sen deterse a conversar, evitando calquera tipo de agrupación ou contacto.

Antes do inicio dos exames facilitaráselles aos aspirantes unha "Declaración responsable COVID-19", que deberán cumprimentar e asinar, entregándolla ao Tribunal Cualificador.

SÉTIMO.- Publicar a presente resolución íntegra no taboleiro de anuncios do Concello e na sede electrónica do concello (<https://ribeiradepiquin.sedelectronica.gal>).

OITAVO.- Dar conta da presente resolución ao Pleno na próxima sesión ordinaria que se celebre.

Mándao e asíno o Sr. Alcalde-presidente, D. Roberto Fernández Rico, en Ribeira de Piquín a 27 de decembro de 2021.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE





Concello de Ribeira de Piquín

